

TWIN PEAKS FOGO CAMIÑA COMIGO

811

David Lynch, 1992

ESTREA EN NUMAX: 05.02.2025 | V.O.S.E. | +18 | 135 min

Precuela da famosa serie televisiva 'Twin Peaks' na que percorremos os derradeiros sete días de Laura Palmer. Durante o día, Laura é unha popular estudante modelo no instituto. Pola noite afoxa entre drogas e sexo até a adición. A súa carreira cara á autodestrución vén provocada polos continuos abusos do malvado ente coñecido como Bob, que habita os bosques de Twin Peaks desde tempos inmemoriais. Pero nun ataque de lucidez, Laura decátase de que está conducindo a súa única amiga Donna polo mesmo tráxico sendeiro...

«É como 'Pesadelo en Elm Street' dirixido por Michelangelo Antonioni»

Oweb Gleiberman, ENTERTAINMENT WEEKLY



A imposibilidade dunha salvación

Por César Mariano

O fenómeno do que Twin Peaks virou desde a súa estrea como serie televisiva en 1990 merce cando menos o adxectivo de emblemático. A creación de Mark Frost e David Lynch sobre unha vila ficticia do estado de Washington que enfrenta a inesperada morte de Laura Palmer e a posterior investigación a mans do carismático axente Dale Cooper devela aos poucos un misterio que parece ir alén do simple descubrimento do asasino. A serie orixinal aborda os estragos que a perda de Palmer significa para o pequeno poboado, ao mesmo tempo que devela —similar ao que sucede na pacífica Lumberton de *Veludo azul* (1986)— a podremia agochada no interior da sociedade americana.

O que facía tan interesante a Twin Peaks era como ese submundo de forzas esquivas e contraditorias negaba calquera resposta, xerando no proceso de investigación máis dúbidas sobre un misterio que parecía estenderse a novas persoas e lugares insólitos. Pero para a segunda tempada, os produtores, medorentos de cansar á audiencia, obrigaron a Frost e Lynch a develar a identidade da asasino —cousa que ao autor de *Cabeza borradora* (1977) non lle agradou, pois nos seus plans estaba deixar esa incógnita sen resolver— polo que, cando a serie terminou e Lynch tivo a oportunidade de facer *Twin Peaks: Fogo camiño comigo* (1992), película que se centraría na última semana de vida de Laura Palmer e serviría como precuela e epílogo da saga ao mesmo tempo, parecía non haber nada novo que contar.

Porén, todo o que sabemos de Laura Palmer, da súa vida e o enigma da súa morte, fóranos contado por outros, un relato feito de impresións alleas que é xa para nós un mito. A nosa imaxe dela foi viciada. E é por iso que, cando os últimos días da súa vida se van reconstruíndo ante os nosos ollos, o seu destino, máis que trágico, vólvese terrorífico. Falar propiamente de horror ao abordar unha película como esta pode parecer unha descrición inxenua ou precipitada, pero unha vez que entramos de cheo nos tormentos de Palmer, as súas relacións persoais, os seus vicios, a súa activa vida sexual e o perpetuo acoso que sofre por parte de Bob chegamos á conclusión de que sufría o pavor do inevitable.

A fita, daquela, conforma un cadro no que non só se estende o trauma de Palmer, se non que se evidencia a imposibilidade de lidar con el, a dolorosa loita interna contra as forzas que o habitan, creban e paralizan. Nese sentido, a Lynch interésalle o horror, pero como estrutura metafísica que materializa un mal de orixe primixenia contra o que se pode pelexar ou entregarse a el.

O que atopo tan perturbador en *Twin Peaks: Fogo camiño comigo* é esa revelación que, como espectador, un vai tendo da vida oculta de Laura, porque, é innegable, hai en cada un dos seus actos un anhelado de salvación que, sabemos, nunca vai chegar. Ela mesma confésao nun diálogo que ten coa súa mellor amiga Donna Hayward. Ela preguntalle se ao caer do espazo se había deter ou en cambio iría a cada volta máis rápido. Ela contesta que sucedería o segundo e que despois ardería en chamas para sempre e que os anxos non poderían salvarla pois estarían moi lonxe. É nestas palabras que se condensa o seu desamparo, a consciencia dun mundo hostil que presencia a corrupción da bondade e inocencia e que, na aparencia do amor, oculta o rostro dun terror atávico que prosegue a súa marcha sempiterna cara ao esquecemento ou a destrución, pero que, no camiño, diezma aos individuos sen que haxa potencia humana capaz de detelo.